



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

OBRADOIRO DE EMPREGO "ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO"
CONCELLOS DE: IRIXOA, ARANGA, MONFERO e VILARMAIOR

ANUNCIO

O Órgano encargado do proceso de selección do **persoal directivo, docente e administrativo** do obradoiro dual de emprego, ATENCION SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO, vistos os acordos recollidos na Acta 3 de data 27/10/2022, de acordo ao indicado nas Bases reguladoras do procedemento de selección do persoal directivo, docente e administrativo do obradoiro dual de emprego, ATENCION SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO, aprobadas e publicadas, acordou:

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación presentada por MARIA JOSÉ VÁZQUEZ RODRIGUEZ, dado que segue sen acreditar a experiencia profesional na forma indicada nas Bases, ratificando a súa puntuación no apartado de experiencia profesional en 0,9 puntos e a puntuación total de 4,3 puntos e polo tanto aprobar a seguinte listaxe coas puntuacións definitivas das persoas candidatas ADMITIDAS no procedemento e BAREMADAS

MESTRE/A DE ENSINO BÁSICO

DNI	NOME E APELIDOS	TITULACIÓN (máx 2 puntos)	EXPERIEN C. PROF (Máx 7 puntos)	CURSOS REALIZADOS (Máx 2 puntos)	CURSOS ESPEC. FORM (Máx 2 puntos)	TOTAL PUNTUACIÓN
**4156* **	MARIA JOSÉ VÁZQUEZ RODRIGUEZ	0,5	0,9	1,9	1	4,3
**8133* **	MONICA REY ABRODOS	1,5	0,4	0,4	0	2,3

SEGUNDO.- Aprobar a seguinte relación definitiva do/s aspirante/s aprobado/s e, propoñer ao Sr. Alcalde a súa contratación, unha vez aportada a documentación que esixen as bases reguladoras do proceso.

DNI	NOME E APELIDOS	POSTO	PUNTUACIÓN	ESTADO
**4163* **	EVA MARIA LAMELAS RUBIDO	DIRECTOR	SELECCIONAD A sen baremar	PROPOSTA PARA CONTRATACIÓN
**3559* **	M. INMACULADA VAZQUEZ MENDEZ	MESTRE ESPECIALIDADE (RAMA SOCIAL)	SELECCIONAD A sen baremar	PROPOSTA PARA CONTRATACIÓN
**6755* **	MARIA JOSÉ CARBALLEIRA DOPICO	MESTRE DE XESTIÓN EMPRESARIAL	SELECCIONAD A sen baremar	PROPOSTA PARA CONTRATACIÓN
**4156* **	MARIA JOSÉ VÁZQUEZ RODRIGUEZ	MESTRE /TITOR DE ENSINO BÁSICO	SELECCIONAD A (4.3 puntos)	PROPOSTA PARA CONTRATACIÓN
**3166* **	YOLANDA MARIA LAGARES PEREZ	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	SELECCIONAD A sen baremar	PROPOSTA PARA CONTRATACIÓN



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

TERCEIRO.- Aprobar a seguinte relación definitiva do/s aspirante/s que superaron o proceso sen obter praza,

DNI	NOME E APELIDOS	POSTO	PUNTUACIÓN	ESTADO
**8133* **	MONICA REY ABRODOS	MESTRE /TITOR DE ENSINO BÁSICO	2,3	RESERVA

CUARTO.- Publicar estes acordos no taboleiro de anuncios físico do Concello de Monfero e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Monfero (<https://sede.monfero.es>) así como nos taboleiros e nas webs dos concellos de Aranga, Irixoa e Vilarmaior e requirir aos aspirantes propostos para a contratación para que acheguen, no prazo que reflicten as bases e á maior brevidade para poder dar comezo ao Obradoiro no prazo establecido (1 de novembro), a seguinte documentación, co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral:

a) **Declaración responsable** de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

b) **Declaración responsable** de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

c) **Documentos orixinais** ou copias auténticas da documentación á que se refire a base 6.1.

Así mesmo, o/a aspirante proposto/a deberá someterse a un recoñecemento médico realizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, recoñecemento polo que se acreditará que non padece enfermidade ou defecto físico que, pola súa natureza e grado, imposibilite o desempeño das funcións propias da praza, salvo que no prazo de 3 días contados a partir da publicación da relación definitiva do/s aspirantes aprobado/s no Taboleiro de anuncios do concello presente **certificación médica ou informe de saúde actualizado** acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo ao que aspira expedido por facultativo competente.

A non presentación en prazo da documentación esixida e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma e/ou do recoñecemento médico, dedúzase que carecen dalgún dos requisitos, non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación

Monfero, 27 de outubro de 2022

O Secretario do Tribunal

Baldomero Beceiro Alonso

A Presidenta do Tribunal

Ana Ocampo Pérez Gorostiaga